

## RESOLUCIÓN SOBRE UNHA INTERVENCIÓN NO CAMIÑO DE SANTIAGO

EXPEDIENTE:	<b>SPR-2025-1332. AUI</b>
SOLICITUDE:	<b>INFORME PREVIO Á DECLARACIÓN DUN PIE DA PLANTA DE VALORIZACIÓN DE RESIDUOS AGROPECUARIOS</b>
INTERESADO:	DAFO ECOENERGÍAS, S.L.
SITUACIÓN:	POLÍGONO INDUSTRIAL ÁREA 33, PARROQUIA DE sta. Baia de Silleda POL. 49, PARCELA 1009.
CONCELLO:	SILLEDA (PONTEVEDRA)
BEN AFECTO:	<b>Zona do ben catalogado do Camiño de Santiago, Vía da Prata ou Camiño Mozárabe.</b>

### 1.- ANTECEDENTES:

O día **08.08.2025**, tivo entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (núm. 2025/1888036) unha solicitude de Dafo Ecoenergías, S.L., remitido pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria, para que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) emita informe previo á declaración dun proxecto industrial estratéxico (PIE), para avaliación ambiental simplificada, do proxecto básico dunha planta de valorización de residuos agropecuarios mediante dixestión anaerobia, localizada no polígono 49, parcela 1009, con referencia catastral número 36052A049010090001LZ, no polígono industrial Área 33, Polígono Industrial área 33, na parroquia de Sta. Baia de Silleda, no concello de Silleda (Pontevedra), e dentro do ámbito do territorio histórico da Vía da Prata ou Camiño Mozárabe, de conformidade ca traza delimitada no Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26.07.2018 (DOG 27.08.18) e actualizado por Resolución de 25.05.2020 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DOG 15.06.2020).



Xunto coa solicitude, achegouse unha Proxecto de planta de valorización de residuos agropecuarios mediante dixestión anaerobia asinado polos Enxeñeiros de minas [REDACTED] de xuño de 2025.

Non consta informe técnico municipal.

## 2.-DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN\_INFORME DE ARQUEOLOXÍA:

- 1 Teño en conta a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, -en diante LPCG, publicada no DOG núm. 92, do 16.5.2016- e o Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.150, do 6.8.1997).
- 2 Segundo a memoria presentada, a obra prevista é a execución dunha planta de valorización de residuos agropecuarios mediante dixestión anaerobia, nunha parcela de 15.427 m<sup>2</sup> á que se accede polo viario do polígono industrial que á súa vez enlaza coa N-525. En liñas xerais as instalacións a executar son as seguintes:
  - Zona de control de accesos, básculas; para pesar os vehículos tanto na entrada como na saída da planta, instalarase en cada acceso unha báscula ponte electrónica modular (2), montada sobre zapatas de formigón armado.
  - Zona de lavado de vehículos, cun badén, arco de lavado, pistola de lavado e disporá dunha caseta prefabricada de 1 x 2 m para almacenar os produtos de limpeza.
  - Zona de recepción de residuos sólidos; executarase unha nave de 2.160 m<sup>2</sup> cunhas dimensións de 36x60 m e 10 m de altura.
  - Zona de recepción de residuos líquidos; construíranse 2 tanques de aceiro de 13,33 m de diámetro e de 9,13 m de alto.
  - Zona de mistura e triturado de residuos sólidos; tolvas dosificadoras situadas no interior da nave de residuos sólidos.
  - Zona de dixestión anaerobia; 4 tanques de 24 m de diámetro exterior e de 24 m de alto.
  - Zona de almacenamento dixestato sólido/deshidratador; nave de 950 m<sup>2</sup> de 25x38 m e 6 m de altura e outra nave para deshidratador de 532 m<sup>2</sup> de 19x28 m e 6 m de altura.
  - Zona de almacenamento de dixestato líquido; 3 tanques cunha capacidade total de 14.037 m<sup>3</sup>.
  - Upgrading; lousa de formigón armado de 20 cm de espesor e 300 m<sup>2</sup> de superficie sobre a que se sitúan os equipos.
  - Depósitos biogás (remolques de transporte); situaranse sobre unha soleira de 42 m<sup>2</sup>, onde se sitúa o silo de biomasa que abastece á caldeira. Os remolques cheos substitúense por outros baleiros cando se retiran da instalación.
  - Nave biofiltro de 20x15 m e 4,5 m de altura.
  - Oficinas; edificio de 250 m<sup>2</sup>.



- 3 A parcela localízase ao pé da traza da Vía da Prata, catalogada no PXOM de Silleda e que tamén figura protexida no Plan Básico Autonómico que foi aprobado polo Decreto 83/2018, do 26.7.2018 (DOG núm.162, do 27.8.2018). Cómpre recordar que este instrumento será de aplicación nos concellos que carezan de PXOM, terá un carácter complementario dos planeamentos municipais e mais delimita as afeccións derivadas da lexislación sectorial, entre elas, a de patrimonio cultural. Segundo o artigo 75 da LPCG, esta ruta xacobeá ten a consideración de ben catalogado coa categoría de territorio histórico. *A priori non habería afeccións a ningún xacemento arqueolóxico catalogado nin coñecido.*
- 4 Cómpre recordar que conforme ao artigo 30 da LPCG, os bens inmobles que polo seu interese cultural se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, de ser o caso, o seu contorno de protección.
- 5 O artigo 39 da LPCG establece que as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural (BIC) ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei e no artigo 44 da lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana de Galicia respecto das licencias directas. A utilización dos BIC ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións.
- 6 Segundo o artigo 44 da LPCG, as actuacións que se leven a cabo sobre os bens declarados de interese cultural e catalogados seguirá como criterio a salvagarda dos seus valores culturais e conservación, mellora e, de ser o caso, utilización adecuada e sustentable. Así mesmo o artigo 46 desta lei establece que o contorno de protección dos bens debe manterse cos seus valores ambientais, polo que as intervencións que se realicen deben resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito. Deberán procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben.
- 7 Conforme ao artigo 74, o conxunto de rutas dos Camiños de Santiago está constituído por vías de dominio e uso público, os seus elementos funcionais e o territorio que o define. Son elementos funcionais dos Camiños de Santiago os que forman parte da súa fisionomía como peches, muros, cómaros, valos, pasos, pontellas, pontes, fontes, lavadoiros ou espazos similares, así como os destinados á súa conservación e servizo e os que sexan necesarios para o seu uso.
- 8 Segundo o artigo 77, as obras e actividades no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago serán compatibles coa conservación e protección dos seus valores propios, e como criterio xeral deberán manter as características principais do territorio que conforman, o que supoñerá, preferentemente, manter os núcleos tradicionais e as actividades agropecuarias e forestais. En ningún caso a utilización dos Camiños de Santiago nin a dos seus elementos funcionais poderá supoñer un perigo de destrución ou deterioración ou realizarse de forma incompatible cos seus valores culturais.

### 3.- O día 28-05-2025 asínase INFORME TÉCNICO de Arqueoloxía:

Dende o punto de vista arqueolóxico, sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas que sexan necesarias, **deberanse de ter en conta as seguintes medidas protectoras e indicacións:**

- De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso das obras, comunicarase decontado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medidas oportunas.
- Respetaranse as rasantes, anchura e o trazado das vías afectadas, así como os valos, muros tradicionais de pedra e o arboredo frondoso autóctono (se os houber).
- Os materiais a empregar non deberán de supor ningún tipo de impacto cos empregados na contorna pola que discorre a traza do Camiño de Santiago e terá que ser coherente co existente no lugar obxecto das obras.
- Co obxecto de amortecer o impacto das obras sobre o Camiño de Santiago, deberase de crear unha pantalla vexetal con árbores frondosas autóctonas. Para a plantación de árbores no ámbito do territorio histórico do Camiño de Santiago, recoméndase calquera das frondosas autóctonas incluídas no Anexo I da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

### 4.- DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN \_INFORME DE ARQUITECTURA:

Segundo a memoria presentada, a obra prevista é a execución dunha planta de valorización de residuos agropecuarios mediante dixestión anaerobia, nunha parcela de 15.427 m<sup>2</sup> á que se accede polo viario do polígono industrial que á súa vez enlaza coa N-525. **En liñas xerais as instalacións a executar son as seguintes:**

- Zona de control de accesos, básculas; para pesar os vehículos tanto na entrada como na saída da planta, instalarase en cada acceso unha báscula ponte electrónica modular (2), montada sobre zapatas de formigón armado.
- Zona de lavado de vehículos, cun badén, arco de lavado, pistola de lavado e disporá dunha caseta prefabricada de 1 x 2 m para almacenar os produtos de limpeza.
- Zona de recepción de residuos sólidos; executarase unha nave de 2.160 m<sup>2</sup> cunhas dimensións de 36x60 m e 10 m de altura.
- Zona de recepción de residuos líquidos; *construiranse* 2 tanques de aceiro de 13,33 m de diámetro e de 9,13 m de alto.
- Zona de mistura e triturado de residuos sólidos; tolvas dosificadoras situadas no interior da nave de residuos sólidos.
- Zona de dixestión anaerobia; 4 tanques de 24 m de diámetro exterior e de 24 m de alto.
- Zona de almacenamento dixestato sólido/deshidratador; nave de 950 m<sup>2</sup> de 25x38 m e 6 m de altura e outra nave para deshidratador de 532 m<sup>2</sup> de 19x28 m e 6 m de altura.

- Zona de almacenamento de dixestato líquido; 3 tanques cunha capacidade total de 14.037 m3.
- Upgrading; lousa de formigón armado de 20 cm de espesor e 300 m2 de superficie sobre a que se sitúan os equipos.
- Depósitos biogás (remolques de transporte); situaranse sobre unha soleira de 42 m2, onde se sitúa o silo de biomasa que abastece á caldeira. Os remolques cheos substitúense por outros baleiros cando se retiran da instalación.
- Nave biofiltro de 20x15 m e 4,5 m de altura.
- Oficinas; edificio de 250 m2.

A parcela localízase ao pé da traza da Vía da Prata, catalogada no PXOM de Silleda e que tamén figura protexida no Plan Básico Autonómico

Actúase nunha parcela do Polígono Industrial de Silleda clasificada polo PXOM como solo urbano de uso industrial. A actividade a desenvolver consiste na consecución dunha secuencia de procesos cuxo resultado é a valoración de residuos agropecuarios de maneira que, a partir dos mesmos, obtéñase para a súa comercialización un abono orgánico

#### **5.- CONSIDERACIÓNS LEGAIS:**

A actuación sitúase no territorio histórico da Vía da Prata ou Camiño Mozárabe, que conta con recoñecemento legal no artigo 73.2 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), e aparece identificada no instrumento de planeamento urbanístico denominado Plan Básico Autonómico, que conta con aprobación definitiva de data 26.07.2018 (DOG 27.08.2018) e actualizado por Resolución de 25.05.2020 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DOG 15.06.2020). A actuación atópase ao pé da traza do camiño

Segundo o artigo 30.1 da mencionada Lei, os bens inmobles que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

De acordo cos artigos 39 e 45 da vixente Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a intervención pretendida deberá contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

A LPCG regula especificamente a protección dos Camiños de Santiago no Título VI. A Vía da Prata ou Camiño Mozárabe está considerada como ben catalogado ca categoría de territorio histórico (artigo 75.1).

O artigo 77.2 da LPCG, sobre o uso dos Camiños de Santiago, di que as obras e actividades no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago serán compatibles coa conservación e protección dos seus valores propios, e como criterio xeral deberán manter as características principais do territorio que conforman.



## 6.- CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece no seu Artigo 78. *Usos e actividades prohibidos nos camiños de Santiago, no seu punto 3. que: no ámbito delimitado do territorio histórico dos Camiños de Santiago prohibense os seguintes usos e actividades: b) As instalacións para a xestión de residuos e vertedoiros, provisionais ou definitivos.*

## 7.- O día 02-02-2026 asínase INFORME TÉCNICO de Arquitectura:

Á vista do anterior, e estudada a documentación presentada, **conclúese o seguinte:**

-A actuación, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, é **INCOMPATIBLE** coa protección do patrimonio e a conservación dos valores do Camiño.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS:

É de aplicación na tramitación e resolución do expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativa común das Administracións públicas.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.
- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.150, do 6.8.1997).
- Decreto 83/2018, do 26 do Plan básico autonómico de Galicia.
- **Decreto 83/2018, do 26 do Plan básico autonómico de Galicia, en relación co artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia:**

*30.1.- “Os bens inmobles que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, de ser o caso, o seu contorno de protección, salvo que teñan a consideración de bens de interese cultural”.*



- **Artigo 10.1.i) en relación á Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia:**  
*“Territorio histórico; o ámbito no que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante polo polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico ou técnico.”*
- **Artigo 75.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia:**  
*“O resto das rutas dos Camiños de Santiago a que se refire o artigo 73.2 terán a consideración de bens catalogados, coa categoría de territorios históricos, sen prexuízo de que, por acordo unánime dos concellos polos que discorre, se solicite á consellería competente en materia de patrimonio cultural a incoación da súa declaración como ben de interese cultural, ou da posible incoación de oficio pola propia consellería competente en materia de patrimonio cultural.”*
- Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Decreto 146/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- As demais normas de aplicación, nomeadamente as referentes ao réxime do solo e á ordenación urbana en relación coa protección e a conservación do Patrimonio Cultural, e moi particularmente as Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro.
- O artigo 39 da LPCG, establece que as intervencións que se pretendan realizar en BIC ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de Patrimonio Cultural, coas excepcións que se establecen na Lei.
- Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións.
- A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural é competente para resolver este expediente segundo o artigo 30.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, e o Decreto 146/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

De acordo co indicado, e á vista dos informes técnicos, **RESOLVO:**

**Non Autorizar** o proxecto industrial estratéxico (PIE), para avaliación ambiental simplificada, do proxecto básico dunha planta de valorización de residuos agropecuarios mediante dixestión anaerobia, localizada no polígono 49, parcela 1009, con referencia catastral número 36052A049010090001LZ, no polígono industrial Área 33, Polígono Industrial área 33, na parroquia de Sta. Baia de Silleda, no concello de Silleda (Pontevedra), e dentro do ámbito do territorio histórico da Vía da Prata ou Camiño Mozárabe, **segundo o establecido no 6 (Consideracións Técnicas), desta Resolución:**

- A Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece no seu Artigo 78. Usos e actividades prohibidos nos camiños de Santiago, no seu punto 3. que: no ámbito delimitado do territorio histórico dos Camiños de Santiago prohíbense os seguintes usos e actividades: b) As instalacións para a xestión de residuos e vertedoiros, provisionais ou definitivos.

**O Director Xeral de Patrimonio Cultural.**

**(Asinado dixitalmente á marxe.)**

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante esta Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, no prazo un mes, de conformidade có disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e co artigo 23.3.c da Ley 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.